



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NA CASA DA CULTURA DA MÚSICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Salvaterra de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O acondicionamento do edificio que albergará a casa da cultura, da música e formativo do concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

As actuacións teñen por obxecto principal o fomento e promoción da cultura, e a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural dentro da programación anual que fai a Consellería, no que se trazan as directrices a seguir dentro do mapa de infraestruturas socioculturais de Galicia.





Co acondicionamento deste edificio o concello ten previsto impartir clases de música, danza, concertos, charlas e demais eventos culturais. Tamén será o lugar de ensaio da Banda de Música de Salvaterra de Miño e a súa escola de música que teñen cerca de 230 membros e que na actualidade carecen de instalacións.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas do rural como a que acontece no concello de Salvaterra de Miño que coa realización das actuacións contará cun centro onde poder impartir clases relacionadas coa música así como un local a disposición da Banda de Música de Salvaterra e da súa Escola de Música, único con estas características que necesita do acondicionamento.

Por todo o anterior é o Concello de Salvaterra de Miño o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de novembro de 2017

